



## **BASES DO CONCURSO DE DISFRACES “IN-TROIDO”**

### **1.- ORGANIZA**

O CONCELLO DA CORUÑA a través do Instituto Municipal Coruña Espectáculos (IMCE) ten previsto organizar o concurso denominado “**CONCURSO DE DISFRACES IN-TROIDO**” (en diante o concurso) que se rexerá polo previsto nas seguintes bases. A finalidade do concurso é manter a tradición da celebración do Entroido na cidade respectando as restricións vixentes por mor da COVID-19.

### **2.- DESVINCULACIÓN CON FACEBOOK, TWITTER E INSTAGRAM**

Nin Facebook, nin Twitter, nin Instagram patrocinan, avalan ou administran de modo algún esta promoción nin están asociados a ela.

O/A usuario/a desvincúlase totalmente de Facebook, Twitter e Instagram e é consciente de que está a proporcionar a súa información ao Concello da Coruña a través do IMCE e non a Facebook, Twitter ou Instagram.

### **3.- ÁMBITO E DURACIÓN DO CONCURSO**

Este concurso desenvolverase no ámbito municipal da Coruña.

O período de participación será entre as 00:00h do 13 de febreiro de 2021 ata as 00:00h do 21 de febreiro para a subida de imaxes.

O Concello da Coruña resérvase o dereito a modificar, cancelar e/ou suspender o concurso cando concorran causas alleas á súa vontade.

En caso de producirse unha modificación, cancelación ou suspensión do concurso comunicarase polo mesmo medio que teña sido publicitado.

Os gañadores daranse a coñecer na primeira semana do mes de marzo e os bonos poderán trocarse no comercio local ata o 15 de abril de 2021.

### **4.- CATEGORÍAS E PREMIOS**

Rematado o prazo de participación, un xurado, designado pola presidenta do IMCE seleccionará as imaxes gañadoras nas diferentes categorías.

#### **Categorías**

Ata 6 anos

De 7 a 12 anos

De 13 anos en adiante

Grupal-Familiar (a partir de dous compoñentes disfrazados da mesma temática, estando restrinxida a participación aos conviventes do núcleo familiar).

#### **Premios**

Haberá catro premios en cada categoría

1º premio: Bono de 150 euros para consumir no comercio local da cidade

2º premio: Bono de 100 euros para consumir no comercio local da cidade

3º premio: Bono de 50 euros para consumir no comercio local da cidade

4º premio: Cheque (valorado en 50 euros) para trocar por produtos de Entroido en calquera supermercado Gadis da cidade da Coruña

#### 5.- XURADO

O xurado estará composto por representantes das agrupacións de comparsas da cidade da Coruña.

#### 6.- LEXITIMIDADE E REQUISITOS PARA PARTICIPAR

Poderán participar no concurso e optar a premio todas aquelas persoas físicas, maiores de idade, empadroados na cidade que cumpran os requisitos detallados nestas bases e que completen todo o proceso de participación no concurso descrito nas mesmas e que dispoñan nunha conta aberta en cando menos nunha das seguintes redes: facebook, twitter ou instagram. Permítese a participación de menores a través das contas nas redes sociais mencionadas das persoas que sexan os seus titores/as legais e cumpran os requisitos antes descritos para participar.

As fotos teñen que ser tomadas dentro dos domicilios dos participantes e no tempo de Entroido de 2021, non se admitirán a concurso imaxes de eventos pasados.

Non poderán participar no presente concurso as persoas que teñan intervido na realización ou organización do mesmo.

Se resultase gañadora algunha persoa que non cumprise os requisitos esixidos, perderá o seu dereito a obter o premio gañado e a organización poderá decidir entre declarar deserto ese premio ou considerar gañadora á seguinte persoa con maior número de votos que si cumpra as condicións de participación en cada categoría.

En caso de facerse imposible o reparto de premios por non acadarse persoas que cumpran os requisitos, ou cuestións similares de impidan a entrega da totalidade dos premios, a organización podería declarar o premio deserto.

#### 7.- ENTREGA DOS PREMIOS

As persoas que resulten gañadoras deberán confirmar de xeito privado á organización os seus datos persoais (Nome, apelidos, documento de identidade e teléfono) e identificarse o día da entrega do premio mediante a presentación do seu DNI ou NIE, pasaporte, carné de conducir tarxeta de residente, ou identificación similar que acredite a súa identidade. O Concello comprobará que se trata de empadroados na cidade, en caso contrario, se actuará como se indica no apartado 5.

Actuarase do mesmo xeito coas persoas que representen a menores que titoricen. Deberán facilitar os seus datos e os do/da menor. No caso das persoas menores, será suficiente cos seus nomes, apelidos e a documentación que acredite a responsabilidade das persoas que os titorizan ou representan.

O cumprimento deste requisito establecido no parágrafo anterior ten carácter obrigatorio, polo que as persoas gañadoras deben facilitar os seus datos persoais, de forma que a ausencia de calquera de ditos datos suporá a perda do dereito ao premio.

#### 8.- MECÁNICA DO CONCURSO

O feito de participar no concurso implica que a persoa participante acepta expresa e integralmente as condicións destas bases.

Para participar hai que:

- Dispor de conta aberta en, cando menos, unha das seguintes redes sociais: Facebook, Instagram ou Twitter.
- Subir, de xeito público a unha desas tres redes, unha fotografía incluíndo no texto o título da foto, a categoría na que participa e a etiqueta #EntroidoCoruñés ou #IntroidoCoruñés e mencionando a conta do Concello da Coruña en Facebook e Twitter @Concellocoruna e etiquetando a coruna\_gal en Instagram
- As persoas que participen neste concurso aceptan as presentes bases.
- A persoa que suba as fotografías deber ser o autor ou ter permiso da persoa que ostente a autoría da imaxe. Así mesmo deberá ter consentimento expreso para publicar a imaxe e participar no concurso das persoas que se vexan nas imaxes (pedirase esa autorización), con especial atención a menores de idade (o permiso será das persoas titoras).
- As fotografías deben terse tomado no Entroido 2021
- As fotografías deben tomarse nas casas ou domicilios dos participantes.

Os espazos nos que se levará a cabo o concurso serán:

- Facebook: <https://www.facebook.com/ConcelloCoruna>
- Twitter: <https://twitter.com/ConcelloCoruna>
- Instagram: [https://www.instagram.com/coruna\\_gal/](https://www.instagram.com/coruna_gal/)

As notificacións sobre o resultado do concurso, cambios que se poidan producir, etc. publicaranse neses espazos (as plataformas Facebook, Twitter e Instagram non organizan nin asumen responsabilidade algunha sobre o mesmo.

Coa aceptación do premio, as persoas gañadoras asumen que non lles confire dereito de remuneración ou beneficio algún con excepción feita da entrega do premio gañado conforme a estas bases.

As persoas participantes cederán os dereitos de difusión das imaxes presentadas admitindo o seu uso polo IMCE e o Concello da Coruña en actividades ou actos promocionais do Entroido como, por exemplo, a exposición pública desas imaxes en calquera soporte ou entorno.

## 9.- REGLAS DE CONDUCTA

Teranse presentes as seguintes consideracións:

a) Rexeitaranse os contidos que poidan considerarse ofensivos, obscenos, non axeitados, racistas, vulgares, xenófobos, sexistas e/ou violentos, así como aqueles que atenten contra a dignidade e/ou o decoro, e os que poidan ferir sensibilidades, ser contrarios á lei, á moral e á orde pública; que sexan contrarios aos dereitos de terceiros sen o seu consentimento; que sexan contrarios ao honor e/ou a imaxe de persoas físicas ou xurídicas; que faciliten información de carácter persoal (propia ou de terceiros); que impliquen realizar unha actividade comercial, compra e venda de produtos e/ou servizos así como a súa publicidade, que non teña relación co concurso, quedando automaticamente descalificados e fóra das bases contidos que se axusten a algún perfil dos descritos.

b) O IMCE resérvase o dereito a rexeitar a participación daqueles perfís que considere que poidan ser “fraudulentos” ou “maliciosos”. Considerarase un/unha usuario/a como malicioso ou fraudulento cando se faga patente que está levando a cabo as actividades relacionadas coa promoción dun xeito antinatural ou artificial mediante, por exemplo:

1. O uso de bots ou sistemas automáticos que posteen en Facebook/Twitter/Instagram sen control expreso do usuario.

2. Uso de contas non lexítimas creadas para a promoción en Facebook/Twitter/Instagram.

3. Non se aceptará o concurso de contas duplicadas ou falsas.

4. Está terminante prohibido:

A. Postear comentarios descalificativos sobre outras persoas participantes.

B. Postear comentarios irrelevantes ou que poidan ser considerados *spam*.

O IMCE resérvase o dereito a decidir se os comentarios cumpren os requisitos de contido estipulados nas presentes bases e poderán cancelar a participación no concurso de calquera usuario/a en calquera momento, sen necesidade de previo aviso e á súa elección exclusiva.

O IMCE non realiza ningunha labor editorial sobre os contidos xerados polas persoas participantes e non asume ningún tipo de responsabilidade asociada a estes, podendo solicitar que sexan retirados de forma inmediata en calquera momento, sen previo aviso, nin dereito a indemnización algunha en caso de incumprimento.

## 10.- COMUNICACIÓN ÁS PERSOAS GAÑADORAS

Cada unha das publicacións que cumpran os requisitos descritos nestas bases para participar serán admitidas no concurso e se incluírán no mesmo.

Unha vez determinadas as persoas gañadoras do concurso, faranse públicos os perfís gañadores a través de sendas publicacións nos espazos nas 3 redes nas que se pode participar.

As persoas gañadoras deberán poñerse en contacto co Concello da Coruña a través dunha mensaxe privada a través da rede social coa que participaron (Twitter, Facebook ou Instagram) ou na dirección de correo electrónico [IMCE@coruna.es](mailto:IMCE@coruna.es) para poder tomar nota dos seus datos e artellar a entrega do premio. O prazo para contactar será de 15 días desde a publicación das persoas gañadoras nas diferentes redes sociais nas que se participaba no concurso.

No caso de non poder contactar coas persoas gañadoras, que estas non cumpran os requisitos recollidos nestas bases, non contacten nos prazos e canles establecidas nestas bases para identificarse como as persoas gañadoras, ou que rexeiten o premio ou non poidan acudir a recollelo no día e hora fixados polo IMCE, a organización decidirá se declara deserto ese premio concreto ou procede a sortear os premios pendentes entre o resto das persoas participantes non gañadoras.

En ningún caso se poderá reclamar o premio con posterioridade aos prazos aquí estipulados.

#### 11.- ENTREGA DO PREMIO, COMUNICACIÓN E USO PÚBLICO DA IMAXE DA PERSOA GAÑADORA.

O premio deberá recollese na data, hora e lugar que sinale o Concello da Coruña aos efectos e que comunicará ás persoas gañadoras.

A persoa gañadora recollerá o seu premio identificándose á hora de recollelo co seu DNI, NIE, pasaporte, carné de conducir, tarxeta de residente, identificación similar que acredite a súa identidade.

É factible que a persoa gañadora nomee unha persoa para que acuda á recollida do premio no seu lugar, pero nese caso deberá facilitar tamén os datos da persoa que o representará, e ésta deberá identificarse no momento da recollida do premio co seu DNI, NIE, pasaporte, carné de conducir, tarxeta de residente ou identificación similar que o acredite como a persoa designada polo gañador/a do premio para actuar na súa representación. En calquera caso, a persoa que acuda a recoller o premio (sexa o gañador ou ben o seu representante), deberá asinar un documento conforme o premio lle foi entregado.

Tanto cada persoa gañadora como, se fose o caso, a persoa que cada ganador teña designado como o seu representante, aproban acceder a que se lle tomen fotografías durante o acto de entrega do premio, así como a que o IMCE ou o Concello da Coruña empregue o seu nome e imaxe con fins publicitarios, en calquera medio e material publicitario, así como á utilización da imaxe gañadora para calquera actividade publicitaria e/ou promocional que estea relacionada con Entroido da Coruña.

Así, a persoa gañadora e quen a represente autorizan, ao participar na acción, ao IMCE e ao Concello da Coruña a reproducir, empregar e difundir o seu nome, apelidos e imaxe en calquera actividade publicitaria e/ou promocional que estea relacionada con esta, mesmo mentres goce do premio, todo isto en calquera medio, incluído internet, sen que ditas actividades lles confiran dereito de remuneración ou beneficio algún con excepción feita da entrega do premio gañado conforme estes bases.

A persoa que resulte gañadora, ou un dos seus titores legais (se correspondese) deberán asinar un xustificante de recepción do premio. En caso contrario perderían o seu dereito á recepción do premio.

## 12.- CONDICIÓN E INCIDENCIAS

A participación neste concurso conleva a aceptación expresa polos/as participantes das presentes bases, quenes autorizan expresamente a divulgación dos seus nomes por parte do IMCE e o Concello da Coruña. Así como das imaxes admitidas a concurso.

O IMCE resérvase o dereito a ampliar ou aprazar o período do concurso, así como a modificalo ou cancelalo, se concorresen circunstancias excepcionais que impidisen a súa realización, comunicando ditas circunstancias de tal maneira que se evite calquera prexuízo para os participantes. O IMCE non será responsable dos retrasos, perdas ou deterioros por causas que non lle sexan imputables.

O IMCE queda exonerado de toda responsabilidade por danos e prexuízos de toda natureza que poidan deberse á falta temporal de dispoñibilidade ou de continuidade do funcionamento das aplicacións de Facebook, Twitter ou Instagram mediante as que se participa no concurso. Tampouco será responsable o Concello da Coruña en caso de mal funcionamento da rede de internet que impida o normal desenvolvemento do concurso por causas alleas ao IMCE.

O IMCE queda exonerado dos fallos cuxa responsabilidade sexa do/a participante, ou dos fallos ou interrupcións do servizo que sexan debidos ao proveedor de servizos de conectividade a internet, fallos de Facebook, Twitter, Instagram, fallo de conectividade á rede eléctrica ou a calquera terceiro, que escape ao control do Concello da Coruña.

O IMCE queda exonerado dos erros de seguridade que se poidan producir, aos danos que se poidan causar ao sistema informático dos/as participantes ou de terceiros/as (hardware, software) ou aos ficheiros ou documentos que se almacenen como consecuencia de virus no ordenador do participante durante a súa participación no concurso así como nas comunicacións posteriores en relación ao concurso.

O IMCE resérvase o dereito de eliminar do concurso, por causa xustificada, a calquera usuario que defraude, altere ou inutilice o bo funcionamento e o transcurso normal e regramentario deste.

O IMCE resérvase o dereito de emprender accións xudiciais contra aquelas persoas que realicen calquera tipo de acto susceptible de ser considerado manipulación ou falsificación do concurso.

Así mesmo, calquera tipo de fraude detectado no sistema de participación determinará a inmediata eliminación dos participantes afectados.

## 13.- XURISDICCIÓN COMPETENTE

Para o coñecemento de calquera litixio que puidese plantexarse en canto á interpretación ou aplicación das presentes bases, o IMCE e os participantes desta actividade sométense



expresamente á xurisdición e competencia dos xulgados e tribunais a Coruña, con renuncia expresa a calquera outro foro que lles puidese corresponder.

O IMCE resérvase o dereito de aplicar, interpretar e modificar estas bases e de decidir sobre os casos non previstos nelas.

#### 14.- DEPÓSITO DE BASES

As presentes bases publicaranse na páxina web do Concello da Coruña [coruna.gal](http://coruna.gal)

#### 15.- PROTECCIÓN DE DATOS

Coa participación neste concurso, os/as gañadores/as prestan o seu consentimento expreso para o tratamento dos seus datos persoais por parte do Concello da Coruña conforme ás disposicións da Lei Orgánica 15/1999 de Protección de Datos de Carácter Persoal (LOPD), que se incluírán nun ficheiro automatizado propiedade do Concello da Coruña. Garántese aos participantes o dereito de acceso, rectificación e eliminación dos seus datos persoais, para o que terán que dirixirse ao Concello da Coruña, Praza de María Pita, s/n 15001 A Coruña ou persoalmente nas oficinas do Concello en horario de atención ao público. Nos dous casos deberá identificarse presentando o DNI ou calquera outro documento oficial de identificación.

Unha vez rematado este concurso, o IMCE conservará os datos que lle teñan facilitado as persoas participantes. Así, e en cumprimento do disposto na Lei 34/2002, de 11 de xullo de servizos da sociedade de información e de comercio electrónico, os/as participantes prestan o seu consentimento ao Concello da Coruña e ao IMCE para recibir comunicacións.

Na Coruña, a 8 de febreiro de 2021.